

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

**Acta da sesión ordinaria
celebrada pola Excma. Corporación Provincial
o 26 de setembro de 2003**

ORDE DO DÍA dos asuntos que se van tratar na **SESIÓN PLENARIA ORDINARIA**, que se celebrará o vindeiro venres, día 26 de setembro de 2003, ás **DOCE HORAS**.

ASUNTOS

Central-Actas

- 1.- Aprobación da acta anterior, nº 10/03, correspondente á sesión celebrada o día 12 de setembro de 2003.
- 2.- Toma de coñecemento das resolucións dictadas pola presidencia, da nº 13.887 á nº 14.571.

Medio Ambiente, Agricultura, Pesca e Benestar social

- 3.- Aprobación das modificacións convenio equipamento complementario Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 26 DE SETEMBRO DE 2003.

No Salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 26 de setembro de 2003, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión ordinaria.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR:

DON JOSE LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERÍAS REY	PP
DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GONZÁLEZ GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA	PSOE
DON JOSÉ LUIS PICO ESPÍNEIRA	PP
DON JOSÉ CARLOS PITA LÓPEZ	PSOE
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE

DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, don Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario procede a ler os asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, Nº 10/03, CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2003.

Préstase aprobación a acta anterior, nº 10/03, correspondente á sesión celebrada o día 12 de setembro de 2003.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 13.887 Á Nº 14.571.

A Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola presidencia, da nº 13.887 á nº 14.571.

3.- APROBACIÓN DAS MODIFICACIÓNS CONVENIO EQUIPAMENTO COMPLEMENTARIO PARQUE DE BOMBEIROS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Préstase aprobación ó seguinte Dictame da Comisión:

“Analizadas as modificacións propostas pola Consellería de Xustiza no texto do convenio administrativo relativo á dotación de equipamento complementario ao novo parque de

bombeiros de Santiago de Compostela, aprobado polo pleno da deputación o 22.12.2002, acórdase:

1.- Aprobar as modificacións propostas pola Consellería a exposición segunda do convenio inicialmente aprobado, e nas cláusulas segunda e terceira, cuarta e sétima e acordar a súa adición ao texto do convenio aprobado polo pleno da deputación no pasado 22 de decembro, por non supor alteración substancial dos termos aprobados polo Pleno.

2.- O texto definitivo do convenio que se ha subscribir quedaría establecido como segue.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SOBRE A DOTACIÓN DO EQUIPAMENTO COMPLEMENTARIO DO PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Santiago de Compostela, de setembro de dous mil tres.

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Xesús Carlos Palmou Lorenzo , Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

E o Excmo. Sr. D. José Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

1. Que as partes se recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

2.- Que a Lei galega 2/1985 de protección civil, na súa exposición de motivos, manifesta que a protección civil constitúe a afirmación dunha ampla política de seguridade que encontra o seu primeiro fundamento no artigo 15 da Constitución española, que obriga ós poderes públicos a garanti-lo dereito á vida e a integridade física como primeiro e máis importante de tódolos dereitos fundamentais.

Dende esa perspectiva, a protección civil ten que considerarse como un servicio público organizado de forma coordinada polas distintas Administracións que xestionan competencias nesa materia.

O Decreto 226/2003, do 11 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, encoméndalle á Dirección Xeral de Administración Local a planificación e coordinación dos plans e programas dos servicios contraincendios e salvamento local, sen prexuízo das competencias que lles correspondan á Dirección Xeral de Interior e Protección Civil no relativo á función operativa da protección civil, así como das atribuídas por lei ás Administracións locais.

A normativa aplicable en materia de réxime local atribúe ás deputacións a competencia de cooperación cos concellos, asegurando a prestación integral e axeitada dos servicios de competencia municipal, entre eles a cooperación mútua, e coa Xunta de Galicia, en materia de programación, posta en marcha e sostemento dos parques de bombeiros, nos seus respectivos ámbitos territoriais de actuación.

Correspóndelles, igualmente ós concellos, desenvolver todas aquelas actividades que contribúan e redunden na satisfacción dos intereses da comunidade veciñal.

3. Que a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a Deputación da Coruña, e os Concellos de Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra aprobaron un convenio marco de colaboración para a conversión en parque comarcal de bombeiros, con extensión do seu ámbito de actuación a tódolos concellos relacionados, do Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela.

Este convenio marco requiría, á súa vez, convenios de desenvolvemento para a súa execución, tanto no referido a dotación de equipamentos, como para construción da sede do parque e dotación de medios humanos.

Por todo isto e co fin de establece-las condicións de colaboración necesaria e acadalo fin proposto, a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a Deputación e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribi-lo presente convenio de execución segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto o desenvolvemento do Convenio-marco de colaboración entre a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a Deputación Provincial da Coruña, e os Concellos de, Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Brión,

Padrón, Rois ,Teo, Val do Dubra e Vedra, no referente á adquisición do equipamento complementario previsto na cláusula segunda do referido convenio.

Así mesmo, e en virtude do presente convenio, o parque de bombeiros formará parte, como Centro Asociado, do Servicio 112 de Emerxencias, e así se deberá facer constar na rotulación dos vehículos que se adquiran.

SEGUNDA.-RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO DO PARQUE.

As tres Administracións acordan a renovación do equipamento complementario do parque de bombeiros.

Esta renovación concrétase na adquisición dos seguintes equipos con carácter inmediato, tras os acordos corporativos previos que sexan necesarios:

Un brazo telescópico articulado de 42 metros	588.991,86.- euros
Un auto-bomba primeira saída	210.354,24.- euros
Un vehículo 4 X 4 para mando e inspección	36.060,73.- euros
	835.406,83 "

Valórase o expresado material en 835.406,83 euros

A adquisición realizaraa a Deputación Provincial e financiarana as tres Administracións. O custo total de dita adquisición será financiado polas tres Administracións nas seguintes porcentaxes:

Deputación Provincial	40%
Xunta de Galicia	40%
Concello de Santiago	20%

A licitación realizaraa a Deputación polo sistema de concurso, despois da acreditación do compromiso financeiro contraído polas demais Administracións, e de acordo coa normativa legal aplicable.

As características técnicas detalladas do material expresado fixaraas unha Comisión Técnica integrada polo xefe do Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela, o enxeñeiro industrial, xefe de Servicio de Mantemento da deputación e un técnico nomeado pola Dirección Xeral de Administración Local.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO.

As achegas das distintas Administracións para a adquisición destes equipos serán as seguintes, como máximo:

Xunta de Galicia.....	334.162,73 euros
Deputación da Coruña.....	334.162,73 euros
Concello de Santiago de Compostela.....	167.081,37

A achega da Xunta de Galicia farase con cargo á partida orzamentaria 13.05.762.0, Programa 123.A. dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003.

A achega da Deputación da Coruña farase con cargo á partida 0305/223.A/629.99 dos orzamentos xerais da Deputación da Coruña para o ano 2002.

Achega do Concello de Santiago de Compostela farase con cargo á partida orzamentaria 22376.00 dos orzamentos xerais do Concello de Santiago para o ano 2003.

A consellería e o concello remitiranlle á deputación os documentos xustificativos da retención de crédito correspondente ás achegas ás que quedan obrigadas en virtude do presente convenio.

As achegas das tres Administracións deberán facerse efectivas, en todo caso, dentro do prazo sinalado no prego de condicións para efectuar o pago ó adxudicatario, unha vez efectuada a recepción da subministración.

O recoñecemento da obrigada achega da Xunta de Galicia farase á vista da certificación da deputación acreditativa da adxudicación da subministración. O pago da expresada achega farase despois da remisión pola Deputación da Coruña dos xustificantes dos investimentos (facturas e actas de recepción).

O recoñecemento da obriga e o pago da achega do Concello de Santiago de Compostela farase nos mesmos termos cos establecidos para a achega da Xunta de Galicia.

No caso de producirense xuros de mora, deberán ser asumidos, na proporción que lle corresponda, pola Administración que os tivera provocado, séndolles repercutidas as cantidades correspondentes pola deputación se as causantes foran algunha das outras dúas Administracións asinantes do presente convenio.

No suposto de non producirse o gasto pola totalidade das cantidades máximas establecidas no presente convenio, procederase á minoración das achegas de acordo ás porcentaxes sinaladas na cláusula segunda.

CUARTA.- CARÁCTER DO PARQUE

En virtude do convenio marco asinado no seu día, e dos Convenios de desenvolvemento que del mesmo se derivan, o Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela terá o carácter de Parque Comarcal de Incendios con extensión a tódolos concellos asinantes, sen prexuízo das potestades en canto á organización e funcionamento interno do parque, que seguirán correspondendo, con carácter pleno, ó Concello de Santiago de Compostela.

QUINTA.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN

Para supervisa-la prestación do servizo disposta no presente convenio constituirase unha Comisión de Coordinación integrada por dous representantes da Consellería de Xustiza; dous da Deputación Provincial; dous do Concello de Santiago de Compostela e dous en representación dos demais concellos asinantes deste acordo, designados por votación maioritaria entre os alcaldes deles.

Esta comisión reunirse ó menos unha vez ó trimestre para coñecer e avalia-la prestación do servizo no seu ámbito comarcal e para adopta-las medidas que se estimen necesarias para a mellor efectividade do servizo.

Correspóndelle especialmente á Comisión de Coordinación garantir, con competencia plena que a prestación do servizo se efectúe sen ningunha diferenciación en canto á súa calidade, celeridade e emprego dos medios que resultaran necesarios en cada actuación, calquera que sexa o concello onde esta actuación se produza.

SEXTA.- INCUMPRIMENTO

O incumprimento das obrigas derivadas do presente convenio dará lugar á resolución del mesmo e no seu caso, a devolución das cantidades percibidas, xunto cos xuros de mora correspondentes se fora o caso

No suposto de que o Concello de Santiago de Compostela incumprise os compromisos asumidos, deberá devolverlles ó resto das Administracións contribuíntes unha cantidade equivalente ó valor venal dos vehículos ós que se refire o presente convenio, calculado con referencia ó momento en que este incumprimento resulte, efectivamente, determinado, e detraendo a cantidade correspondente á achega do propio Concello de Santiago de Compostela.

SÉTIMA. VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia, ata o cumprimento íntegro de seu contido, e ata que se houberan cumprido todas as prestacións dispostas nel para cada unha das partes.

OITAVA.-NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puideran xurdir en relación con el serán competencia da xurisdicción contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas existentes estarase ó disposto no Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das Administracións públicas, e demais lexislación de aplicación xeral."

3.- Facultar á Presidencia para canto resulte procedente en orde ó correcto desenvolvemento do presente acordo.

ACTUACIÓN DE CONTROL

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Mirás Franqueira

Queríalle formular unha pregunta sobre o estado do Parque Comarcal de Incendios de Ordes, porque a verdade é que ningún dos alcaldes da comarca sabe exactamente como está ese tema, cando se vai pór en funcionamento, que xestións se fixeron para que funcionara, porque a verdade é que se un mira as hemerotecas igual se cre que ese parque -ese e outros-, xa están en funcionamento, e aí hai -igual que haberá noutras comarcas-, pero hai unha necesidade imperiosa de que se poña en marcha, porque temos centros urbanos de bastante importancia, como pode ser Ordes, Sigüeiro, Cerceda, e que se nestes momenots pasa algo de verdade é que estamos moi mal servidos porque en Santiago hai problemas cos bombeiros. Quixera que me informara, se pode, se é posible, de como está ese parque comarcal.

Sr. Presidente

Como sabe o Sr. deputado, eu creo que o tema da loita contra os incendios, neste caso, concéntrase nas zonas urbanas e nas que no son urbanas, porque é un reto desta institución, e concretamente hoxe acabamos de aprobar a reforma dun convenio para potenciar o parque comarcal de bombeiros de Santiago, entre a Xunta de Galicia, o propio concello de Santiago de Compostela, esta deputación e tamén cos concellos limítrofes a Santiago de Compostela. O resto dos parques, que uns están en obras, e outros están terminados, e a algúns houbo que facerlles unhas correccións, pódolle dicir que o material móbil, o parque móbil, chamémolo así,

que está practicamente contratado todo, algún xa en depósito para pór nos correspondentes parques de bombeiros. Saiu a licitación, polo Consorcio Provincial de Parque de Bombeiros, onde está a Xunta de Galicia e esta institución, a licitación para a xestión e o funcionamento deses parques, por motivos que se creron oportunos quedou deserta esa adxudicación e estase traballando aceleradamente para que se volva licitar de novo, e tan pronot haxa unha empresa que se presente e teña xa o persoal cualificado, todos os parques entrarán en funcionamento a media que estean llistos, entre eles o de Ordes, porque é un dos que están preparados para entrar de inmediato. Volvo insistir que se está traballando no asunto, que temos xa todo o material móbil listo para cada un dos parques, e que simplemente falta que a empresa que vaia levar a xestión e o funcionamento co persoal cualificado, que agardemos sexa en corto espacio de tempo.

Sr. Mirás Franqueira

Unha pregunta máis. É sobre as aulas informáticas, que estaban funcionando con monitores que estaban contratados a través do programa Labora, e nestes momentos na maior parte dos concellos, ou quizais en todos, eses contratos terminaron. Agora as aulas están aí, e a miña pregunta é, se nese período transitorio ata que se constitúa a nova corporación provincial, se se van facer novos contratos ou hai que esperar a que se constitúa a nova corporación.

Sr. Presidente

Non sei se pode informar máis o Sr. Rodríguez, pero ben, se é un contrato novo, ao ser xestión extraordinaria, entendo que non. O Sr. Rodríguez, que é o responsábel directo das aulas informáticas poderá informalo mellor.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Independientemente da análise de legalidade que poida ter o tema, o que si se fixo foi solicitar créditos do programa Labora para substituír eses contratos por contratos novos. Se obtemos a conformidade correspondente, xa será un problema de carácter legal, de se entra dentro das nosas competencias ou non. Iniciouse a xestión porque nos parece que é importante que non se produza ese baleiro nas aulas informáticas, e que realmente era necesario que se continúe coa maior rapidez posibel a actuación destes animadores de informática, que están realizando un traballo moi importante.

Ó non haber máis asuntos dos que tratar, remata a sesión sendo as doce horas e quince minutso, redactándose a presente acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.

